



MANIFESTO 2015

(Campaña 56)

A nova Campaña de Mans Unidas recolle o traballo da organización durante os últimos oito anos, no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, e trata de abrir novos camiños na loita contra a pobreza. Queremos facernos eco das palabras do papa Francisco, e traballar en favor dun modelo de sociedade que non exclúa aos débiles, os empobrecidos, os que sofren a falta de oportunidades. Por iso, os nosos esforzos diríxense a acompañar aos pobres entre os pobres.

LUCHAMOS
CONTRA
LA POBREZA



A Declaración do Milenio, que estableceu os Oito Obxectivos de Desenvolvemento para o ano 2015, supuxo avances significativos en ámbitos fundamentais, pero aínda queda moito por facer:

Reduciuse á metade o número de persoas que viven en condicións de pobreza extrema; pero **unha de cada nove segue padecendo fame.**

Aínda, **162 millóns de nenos sofren malnutrición** crónica, e por cada 1.000 bebés, 48 morren por enfermidades das que se poden prever.

Máis de 2.000 millóns de persoas lograron acceder á auga potable. Pero, aínda, **máis de 1.000 millóns de persoas carecen de letrinas.**

Realizáronse notables avances na loita contra a malaria e a tuberculose. Temos por diante mellorar a **prevención da transmisión do VIH/Sida** e o acceso aos medicamentos.

Prácticamente conseguiuase a igualdade na educación Primaria. Con todo, **máis de 50 millóns de nenos e nenas seguen sen ter acceso á escola.**

Nos últimos 20 anos, a taxa de mortalidade materna reduciuse á metade. Con todo, en 2013, **case 300.000 mulleres morreron por causas prevenibles** relacionadas co embarazo e o parto.

A igualdade na toma de decisións a nivel mundial mellorou, pero **só 46 países teñen máis do 30% de mulleres parlamentarias** nalgunha das cámaras.

O coidado do medio ambiente segue sendo un bo propósito que non se concreta: **as emisións globais de CO2 aumentaron case un 50% nos últimos anos**, nos que seguiron desaparecendo bosques, especies e fontes de auga.

Cada vez hai menos axuda económica aos países máis pobres. No ano 2015 España destinará á Axuda Oficial ao Desenvolvemento só un 0,17% do produto interior bruto.

Campaña 56-2015

Esta realidade impúlsanos a asumir un maior compromiso. **A denuncia das causas da pobreza só é eficaz se poñemos en marcha accións concretas para acabar con ela.** Por iso, en Mans Unidas sentímonos obrigados a promover a solidariedade dos individuos e dos colectivos de toda a sociedade española:

Pedimos ás institucións educativas que velen por **unha educación que inclúa a todos e sexa respetuosa** co desenvolvemento integral de cada persoa.

Requirimos o apoio e o **compromiso das institucións públicas** para que traballen polo ben común.

Comprometémonos a traballar en rede con outras organizacións internacionais e incorporar ao noso traballo as **propostas de desenvolvemento sostible** asumidas pola comunidade internacional.

Denunciamos as causas que impiden o desenvolvemento dos máis pobres, como a explotación laboral, o control dos recursos, a manipulación dos mercados, a especulación cos prezos dos alimentos, a falta dunha política fiscal xusta.

Propoñemos ás empresas e novos emprendedores un **maior compromiso por unha sociedade máis xusta** a partir do desenvolvemento da súa responsabilidade social empresarial.

Pedimos aos **medios de comunicación que visibilicen**, aínda máis, o labor que Mans Unidas realiza nos países máis pobres nos que traballa, denunciando as inxustizas e a vulneración de dereitos fundamentais, e devolvendo a voz aos seus protagonistas.

Animamos a todas as persoas, as familias e a toda a sociedade a promover un estilo de vida responsable e solidario.

En Mans Unidas

LOITAMOS CONTRA A POBREZA, **apúntate?**

